



## MANUAL DE ACOLLIDA A SOCIOS E DEPORTISTAS

O presente manual constitúe a benvinda formal de novos socios e deportistas ao Club Waterpolo Santiago; nel tentamos explicar os dereitos, obrigas e responsabilidades dos distintos estamentos que compoñen o clube, os cais, xuntos e debidamente organizados, van permitir desfrutar das excelencias do deporte que nos une: o Wáter-polo.

## **1.- O Waterpolo.**

O Wáter-Polo é un xogo de acción por equipos, que se desenvolve dentro da auga, e que, por tanto require do control tanto do balón como do medio acuático.

Os equipos dispoñense nun rectángulo de, aproximadamente, 30 por 20 metros; gaña o equipo que máis gois consegue, para conseguir un gol o balón ten que pasar pola portaría contraria de 3 metros de longo por 90 centímetros de alto. O balón, esférico e pequeno, só se pode usar cunha man ou partes do corpo, exceptuando o porteiro que o pode coller coas dúas mans, tampouco se pode usar o puño pechado. Neste xogo participan trece xogadores por equipo, dentro da auga só pode haber un máximo de sete, seis xogadores de campo e un porteiro.

Os xogadores de wáter-polo teñen dúas formas tácticas básicas, defensa e ataque. Tanto na defensa coma no ataque existen multitude de variantes técnicas que adoitan cambiar ao longo de partido. Neste xogo saber levar a favor ou en contra a inferioridade de xogadores (cando un xogador é expulsado temporalmente) é moi importante. O xogo esta composto por catro tempos de hasta oito minutos reais, é dicir que só pasa o tempo cando se esta xogando, os descansos son de dous minutos entre primer e segundo periodo e mais entre o terceiro e o cuarto periodo, e de cinco minutos entre o segundo e tercer periodo.

É un xogo duro onde os haxa, de contacto e de forma física. Ten totalas dificultades técnicas dos xogos por equipos con balón e as especialidades físicas e técnicas da natación. Aínda que o wáter-polo ten unha clara similitude con algúns aspectos da natación, as técnicas de desprazamento dos xogados e non digamos do porteiro son notablemente distintas ás dun nadador. Como no balonmán ou no fútbol o porteiro ten un rol de xogo moi distinto aos seus compañeiros, os seus adestramentos e as súas calidades físicas teñen que ser distintas. No wáter-polo o porteiro é unha peza fundamental do equipo.

## **2.- A competición.**

O Club Waterpolo Santiago participa das competicións organizadas pola Federación Galega de Natación (<http://www.fegan.org>) e, a través desta, das da Real Federación Española de Natación (<http://www.rfen.es>). Tódalas competicións nas que o clube participa, coa posible excepción dalgún partido amistoso ou encontros especiais, son oficiais e, por tanto requírese que tódolos deportistas e técnicos estén en posesión da correspondente licenza federativa, que ampara legalmente a práctica do deporte.

Xa dende hai varios anos, as competicións galegas de Wáter-Polo divídense en dúas divisións masculinas, unha feminina e outra por cada unha das categorías inferiores nas que se agrupan os deportistas (nenos e nenas xuntos) de menor idade. Na tempada 2013-2014, o Club Waterpolo Santiago participa en todas elas, agás na 1ª división feminina.

As categorías inferiores organízanse en función do ano de nacemento do deportista, así, tomando como referencia o primeiro ano natural da tempada, as categorías serían:

- ✧ Benxamíns: deportistas nados en anos posteriores aos doutras categorías. (Para a tempada 2013-2014, os nados nos anos 2004 e posteriores)
- ✧ Alevíns: deportistas nados nos anos que resulten de restar 10 ou 11 ao primeiro ano natural da tempada. (Para a tempada 2013-2014, os nados nos anos 2002 e 2003)
- ✧ Infantís: deportistas nados nos anos que resulten de restar 12 ou 13 ao primeiro ano natural da tempada. (Para a tempada 2013-2014, os nados nos anos 2000 e 2001)
- ✧ Cadetes: deportistas nados nos anos que resulten de restar 14 ou 15 ao primeiro ano natural da tempada. (Para a tempada 2013-2014, os nados nos anos 1998 e 1999).
- ✧ Xuvenís: deportistas nados nos anos que resulten de restar 16 ou 17 ao primeiro ano natural da tempada. (Para a tempada 2013-2014, os nados nos anos 1997 e 1996)

Un deportista pode participar en tódalas competicións da súa categoría e nas das categorías superiores.

Normalmente existen dous tipos de competicións: a Liga e as copas ou campionatos. Existe un calendario oficial, que se pode consultar no sitio web da FEGAN ([http://fegan.org/fegan/tprd/1314/normativas/circulares/cir\\_1338\\_calendario\\_wat.pdf](http://fegan.org/fegan/tprd/1314/normativas/circulares/cir_1338_calendario_wat.pdf)<sup>1</sup>), sobre do cal vanse realizando diversas modificacións se as circunstancias da competición o imponen ou recomendan. As ligas celébranse en competición a dobre volta con partidos na casa de cada un dos equipos participantes e as copas e campionatos soen celebrarse nun único día, na piscina que en cada caso resulte elegida, disputándose nese día tantos partidos como resulte necesario para cumprir co regulamento da competición. Os equipos participantes en cada liga e campionato, xunto cos resultados acadados nos partidos e a posición na clasificación oficial tamén poden consultarse no sitio web da FEGAN: ([http://fegan.org/post\\_id/52](http://fegan.org/post_id/52)).

### 3.- Os entrenamentos.

O Wáter-Polo é un deporte mais complexo do que parece a simple vista; os deportistas que o practican deben dominar os movementos típicos da natación, os movementos típicos do waterpolo que requiren desprazamentos no eixo vertical, o dominio do balón, a defensa fronte ao contrario atacante e as tácticas de xogo en equipo. Todos estes aspectos deben practicarse nos entrenamentos, o cal fai que estes deban ter unha duración superior á doutros deportes. Un deportista profesional de Wáter-Polo adoita entrenar unhas oito horas diarias; lóxicamente non se pretende acadar estes niveis no clube, sobre todo cos nenos e nenas que comezan, pero si que é unha circunstancia que debe terse en conta, cando se desexa alcanzar unha cota mínima de competitividade.

Por desgraza, o clube non dispón de instalacións propias e ten que depender das que lle poidan facilitar os propietarios das piscinas nas que pode practicarse o Wáter-Polo. Tendo isto en conta e que as instalacións públicas dispoñibles en Santiago deben compartirse con outros deportes que tamén as precisan, a dispoñibilidade de espazo para os entrenamentos do clube está moi limitada.

Os horarios concretos de entrenamentos publícanse no sitio web do clube (<http://cwsantiago.com/entrenamentos/horarios/>); para elo agrúpase aos deportistas tendo en conta a súa idade e o seu nivel de desempeño, para, así, poder programar as actividades do entrenamiento coa maior homoxeneidade posible. O recomendable para cada caso concreto é

---

1 O sitio web da FEGAN non está organizado, como soe ser frecuente, mediante direccións de Internet non cambiables, chamadas permalinks, motivo polo cal as direccións URL de acceso que figuran neste documento, relativas ao sitio web da FEGAN, poden cambiar sen previo aviso.

contactar coa dirección técnica do clube, a cal aconsellará a cada deportista a frecuencia e horario dos entrenamentos que debe realizar. Os horarios dos entrenamentos adoitan cambiar coincidindo coas vacacións escolares, polo que neses períodos é convinte estar atentos ás comunicacións do clube.

Tódalas novidades nos horarios dos entrenamentos e sobre das incidencias puntuais que se podan producir en determinados días son anunciados á maior brevidade posible no sitio web do clube.

#### **4.- As convocatorias.**

Para cada un dos partidos nos que debe participar o clube, os entrenadores e a dirección técnica elixen, de entre os deportistas que teñen dispoñibles (segundo o ano de nacemento, e tendo en conta a dispoñibilidade do xogador ou xogadora, quenes poden estar lesionados ou sancionados) a aqueles que consideran mais adecuados para cada partido. A selección faise por criterios estritamente deportivos, considerando a competitividade de cada deportista e o seu esforzo e evolución nos entrenamentos e partidos previamente disputados.

A selección de deportistas para cada partido anúnciase no sitio web do clube na semana inmediatamente anterior á data oficialmente fixada. Se despois do anuncio da convocatoria xurdiran circunstancias imprevistas, os entrenadores e a dirección técnica poden completar a mesma chamando a deportistas inicialmente non previstos ou previstas nela.

#### **5.- Os partidos.**

Dispútanse nas datas e horas nas piscinas previamente anunciadas. O acceso ao mesmo é sempre público e, normalmente, non se esixe abono de entrada aos mesmos.

No sitio web do clube e no da FEGAN pódese obter información sobre da ubicación das piscinas mais frecuentemente empregadas para disputar os partidos oficiais. As mais empregadas son:

- ✦ O Club Natación Coruña disputa os seus partidos normalmente na sede da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (INEF Galicia) (<http://inefg.udc.es/index.php/facultad/localizacion>), no municipio de Oleiros, moi preto da praia de Bastiagueiro e a uns cinco kilómetros do centro da cidade de A Coruña. A Asociación Coruñesa de Waterpolo adoita facelo na piscina de Elviña (<http://complexos.gaiagd.com/>), sita no campo de fútbol do mesmo nome, moi preto da entrada da cidade, a carón da zoa na que están algúns dos principais centros comerciais da cidade.
- ✦ O Club Marina Ferrol disputa os seus partidos na piscina de Caranza (<http://www.dext.es/pabellon-y-piscina-de-caranza-futbol-sala-y-natacion-en-ferrol-15406>), no barrio do mesmo nome e moi preto do Hospital Arquitecto Marcide. En algunhas ocasións tamén se disputan partidos na piscina de Batallones, preto do barrio de Esteiro e das instalacións militares.
- ✦ Os partidos do Club Waterpolo Galaico Pontevedra soen disputarse na piscina do Centro Gallego de Tecnificación Deportiva (<http://www.csd.gob.es/csd/instalaciones/4CenAltRend/2CentTecnifDep/4CTD/09ctdpontevedra/>), un grande complexo deportivo ubicado preto do centro histórico da cidade, do río Lérez e das instalacións universitarias, as cales quedan na outra beira do río. En ocasións especiais, dispútanse no Complexo Deportivo Rías do Sur

([http://www.centrosupera.com/index.php?id=45&tx\\_wfqbe\\_pi1\[uid\]=14](http://www.centrosupera.com/index.php?id=45&tx_wfqbe_pi1[uid]=14)), no que existe unha piscina de dimensións olímpicas; o acceso a este complexo faixe mediante un desvío na estrada Pontevedra - Marín. Neste complexo tamén adoitan facerse as concentracións das seleccións galegas de Wáter-Polo.

- ✦ O Real Club Náutico de Vigo (<http://www.rcnauticovigo.com/spa/localizacion.asp>) ten unhas instalacións no centro da cidade, pegadas ao mar e a carón da Estación Marítima de Ría, onde saen os barcos cara ás Cíes a ao Morrazo.
- ✦ Pola súa parte, o Club Waterpolo Santiago disputa os seus partidos na piscina de Santa Isabel, a carón do campo de fútbol ubicado no barrio do mesmo nome.

## **6.- Os desprazamentos.**

Cando os partidos que o clube debe disputar celébranse en localidades distintas da de Santiago de Compostela, o clube organiza os desprazamentos necesarios, sempre respetando que cada deportista poida desprazarse pola súa conta.

Desgraciadamente, a situación económica do clube non permite que este poida asumir o custo completo destes desprazamentos, polo que, normalmente, solicítase aos deportistas unha cota para compartir ditos gastos. Nos casos mais frecuentes, é dicir, nos desprazamentos en autobús pola Comunidade Autónoma de Galicia, esta cota aboase en efectivo no propio autobús; normalmente ten un importe de 5 €. Caso similar ocorre cando é necesario, por exemplo nos campionatos das categorías inferiores, comer na cidade de destino; a cota neste caso adoita ser, igualmente, de 5 € adicionais aos do autobús.

Tódolos deportistas menores de idade deben contar coa preceptiva autorización (<http://waterpolosantiago.files.wordpress.com/2013/02/autorizacic3b3n-desprazamentos.pdf>) dos seus pais ou titores para desprazarse co clube. En ausencia da citada autorización, o clube non desprazará, baixo ningún concepto á persona menor de idade.

En cada desprazamento, o clube farase cargo dos deportistas en viaxe de ida e volta. Caso de que os pais ou titores desexen recoller a algún deportista na propia cidade de destino, deberán asinar a súa conformidade coa correcta execución da viaxe con carácter previo á recollida. As horas de saída e chegada serán anunciadas no sitio web do clube, así como, sempre que resulte razoablemente posible, os retrasos previsibles na hora de chegada.

Nos desprazamentos organizados polo clube, dentro da dispoñibilidade de prazas nos autobuses alugados, é sempre benvida a presenza de socios, pais e siadeiros. A asignación das prazas libres farase por orde de chegada.

## **7.- Comunicación do clube con socios e deportistas.**

Salvo circunstancias puntuais de urxencia ou necesidade, a meirande parte das comunicacións do Club Waterpolo Santiago cos seus asociados e, sobre todo, cos seus deportistas, faise a través da páxina web do clube: [www.cwsantiago.com](http://www.cwsantiago.com) Por esixencias dos nosos patrocinadores, estas comunicacións realízanse no idioma galego.

As persoas mais familiarizadas coa Internet non teñen problemas para seguir as novidades que se publican, en moitos casos a razón de varias por día, pero non é o caso mais habitual. Por eso, recomendamos vivamente que todos os deportistas formalicen unha suscripción por correo

electrónico ás novidades da páxina web.

É moi sinxelo, só hay que escribir o enderezo electrónico nun caxetín branco sobre fondo negro, ubicado na parte esquerda da pantalla (ver figura). Case de inmediato recibírase unha mensaxe no enderezo electrónico especificado que contén, á súa vez, un enlace para confirmar a suscripción. A partir de aí, unha vez confirmada, recibírase un aviso no correo electrónico cada vez que se publique calquer novidade na páxina web do clube. Por desgraza, coas restriccións da lexislación sobre protección de datos de carácter persoal, o clube non pode realizar esta xestión por conta doutras personas, nin siquiera contando coa autorización pertinente.



## 8.- Cotas e tarifas.

O órgano competente para a aprobación das tarifas en vigor en cada momento é a Asamblea Xeral do clube, mais a Xunta Directiva pode fixar criterios interpretativos acerca de cómo aplicar ás mesmas aos casos puntuais que sempre xorden. As tarifas vixentes no ano 2013 son:

| Categorías                      | Importe | Periodicidade                                      |
|---------------------------------|---------|----------------------------------------------------|
| Absoluta, cadete e xuvenil      | 25 €    | Mensual, 12 mensualidades                          |
| Infantil, alevín e benxamín     | 23 €    | Mensual, 11 mensualidades                          |
| Non competición                 | 15 €    | Mensual, 12 mensualidades                          |
| 2º ou 3ª irmán (ata os 25 anos) | 18 €    | Mensual, 11 ou 12 mensualidades, segundo categoría |
| Socio                           | 23 €    | Anual                                              |

Ademais das cotas, e para poder xogar partidos oficiais, tódolos deportistas teñen que pagar a LICENZA FEDERATIVA cada tempada, segundo as tarifas oficiais da Federación Galega de Natación.


As cotas mensuais pásanse ao cobro mediante recibo bancario entre os días 1 a 5 de cada mes. As cotas de socio cóbranse por anos naturais nos primeiros meses do ano; aos socios de nova alta cobráselles a cota enteira no recibo correspondente á primeira mensuralidade. Para todas as cuestións relacionadas coas incidencias en recibos e domiciliacións o club ten asignada a conta de correo electrónico [recibos@cwsantiago.com](mailto:recibos@cwsantiago.com)

En virtude do establecido nos estatutos do club e seguindo as instrucións ao respecto da Xunta Directiva o club restrinxirá, temporal ou definitivamente, o acceso dos socios e deportistas debedores do club ás súas actividades e entrenamentos.

## 9.- Equipación

Para XOGAR, no Club Waterpolo Santiago, temos os nosos BAÑADORES OFICIAIS:

Bañador para os rapaces



Bañador para as Mozas



Para adquirir algún dos bañadores, podéase solicitar a través do correo electrónico: [material@cwsantiago.com](mailto:material@cwsantiago.com)

A equipación coa que os nosos xogadores e xogadoras van aos partidos:



Consta das seguintes pezas:

Chaqueta do chandal



Pantalón chandal



Polo branco



Bermudas



Mochila



Tamén poderíamos dispoñer deste Anorak, pero só baixo pedido:



).

Para quen lle poida interesar, incluíndo socios, familiares, amigos e calqueira aficionado que desexe ir animar ós partidos uniformado, temos a seguinte camiseta:



Os encargos de equipación débense facer directamente en:

INTERSPORT AMANCIO

Av de Rosalía de Castro Nº 38,

15706 Santiago de Compostela

Tlf: 981- 57.53.81

No momento de reservar o material, é necesario aboar o 50% do valor do mesmo.

## 10.- A dirección técnica.

Na actualidade a dirección técnica do clube é desempeñada por Javier Pérez Carpio. A dirección técnica do clube está dispoñible no seguinte enderezo de correo electrónico [entrenador@cwsantiago.com](mailto:entrenador@cwsantiago.com):



## 11.- O clube.

Creado en xaneiro de 2004 conta cun importante palmarés deportivo, con 3 ligas galegas e 3 campionatos galegos absolutos como logros deportivos mais salientables.

O clube ten formulados a súa misión e recollidos os seus valores na seguinte declaración:

### MISIÓN

O Club Waterpolo Santiago ten como súa a MISIÓN de ofrecer ó maior número de persoas, dentro da comarca de Santiago, a posibilidade da realización dunha práctica deportiva saudable a través do WATERPOLO. Proporcionandolles:

O rendemento deportivo COLECTIVO e INDIVIDUAL, máximo posible, segundo o desexado polos seus deportistas en conxunto e individualmente, en competición ou fora dela.  
Unha organización de utilidade SOCIAL e impulsora dos seus VALORES.

### VALORES

TRABALLO EN EQUIPO. O colectivo está por riba das individualidades en tódalas decisións.  
INTEGRACIÓN. O club é unha entidade aberta, e non excluinte, a todo tipo de persoas sen distinción de ningún tipo.

RESPEITO. Tódolos seus integrantes deben mostrar respecto cara a tódolos demais suxeitos intervintes no deporte, na competición, e na actividade en xeral (árbitros, equipos, compañeiros, adestradores, xogadores, público,...).

RESPONSABILIDADE. Estimulamos os comportamentos responsables en tódolos nosos integrantes.

FORMACIÓN. O paso pola nosa entidade debe contribuir á formación persoal dos deportistas e demais persoas relacionadas con nós; xerando actitudes positivas que teñan aplicación fora do deporte, como o compromiso cun fin colectivo e esforzo para a súa consecución, a superación individual das limitacións, o compañeirismo e a colaboración, a reeducación do tempo de lecer, unha cultura de actividade física e a crenza nas propias posibilidades sen ningún tipo de complexo.

DEPORTE BASE. O club ten como referencia ó traballo co deporte de base; formando deportistas dende os seus inicios, e dándolles a oportunidade de completa-la súa vida deportiva no club nun entorno agradable.

MEDIO. A nosa actividade será un medio na vida dos nosos deportistas e non un fin en si mesmo.

## 12.- Estatutos e Xunta Directiva

Os estatutos do clube están dispoñibles no sitio web do clube:

<http://waterpolosantiago.files.wordpress.com/2012/04/estatutos-wp.pdf>.

A Asamblea Xeral elixe á presidencia do clube, quen, á súa vez, elixe aos membros que formarán parte da Xunta Directiva.

Na actualidade a Xunta Directiva está formada por:

| Cargo      | Nome                       | Enderezo electrónico                                                         |
|------------|----------------------------|------------------------------------------------------------------------------|
| Presidenta | Cristina Yáñez Vázquez     | <a href="mailto:presidencia@cwsantiago.com">presidencia@cwsantiago.com</a>   |
| Secretario | Antonio Caamaño Monteagudo | <a href="mailto:secretaria@cwsantiago.com">secretaria@cwsantiago.com</a>     |
| Tesoreira  | María Jesús Chao           | <a href="mailto:tesoreria@cwsantiago.com">tesoreria@cwsantiago.com</a>       |
| Vogal      | Luis Ferrer                | <a href="mailto:comunicacion@cwsantiago.com">comunicacion@cwsantiago.com</a> |
| Vogal      | Isabel Rendo               | <a href="mailto:material@cwsantiago.com">material@cwsantiago.com</a>         |

## 12.- Redes sociais

O clube mantén contas oficiais en Facebook (); Twitter (@cwsantiago) e Flickr (Fotos Waterpolo Santiago). Nesta última publícanse as fotografías tomadas nos distintos partidos do clube nas que figuran os deportistas que teñen concedido autorización para o uso da imaxe nas que poidan aparecer. Os formularios de autorización para a cesión de imaxes ao clube pódense obter no sitio web do clube.

## 13.- Consideracións legais

O clube ten o seu enderezo social en: Complexo Deportivo Santa Isabel Rúa Tras Santa Isabel, s/n 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA – A CORUÑA e conta co CIF: G-15329428

Pódese contactar co clube no correo electrónico: [cwsantiago@gmail.com](mailto:cwsantiago@gmail.com) e no teléfono: 691.666.819

O clube mantén unha política de solicitar os datos de carácter persoal estritamente necesarios para a correcta identificación do remitente e que permitan levar a cabo as tarefas básicas da xestión interna. O clube insiste no seu compromiso de uso responsable e confidencial dos datos, garantindo que estes datos trataráanse de acordo coas esixencias legais, e que tan só serán utilizados co propósito indicado. Os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición pódense realizar mediante escrito dirixido ao domicilio social do clube ou mediante algún dos outros métodos previstos na lexislación vixente.